

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O 27 de outubro de 2014, os/as que eran patróns/patroas maiores da ría de Arousa: Rianxo, A Pobra, Cabo de Cruz, Aguiño, Ribeira, O Grove, Cambados, Vilanova, Illa de Arousa e Carril, foron recibidos pola conselleira do Mar, a fin de tratar varios asuntos, que afecta directamente ao desenvolvemento profesional das xentes do mar da ría de Arousa, e entre os máis apremiantes os que a continuación se enumeran:

1. Estudio e recuperación do canal do río Ulla na súa desembocadura para a recuperación do marisqueo na zona de libre marisqueo “Lombos do Ulla”.
2. Saneamento dos bancos marisqueiros de Cabío e O Bohído para a súa recuperación.
3. Estudo da calidade das augas en diversos puntos da ría de Arousa.
4. Trazabilidade dos nosos produtos.
5. Control de depredadores.
6. Recuperación do Servizo de Inspección Pesqueira.

Na reunión anterior, a conselleira considerou os asuntos enumerados de especial relevancia, comprometéndose a dar solución aos mesmos á maior celeridade posible.

O 14 de xaneiro de 2015, os representantes das confrarías da ría de Arousa, foron citados polo secretario xeral da Consellería do Mar, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo para tratar os mencionados asuntos. Nesa reunión acordaron a realización de estudos por parte da Consellería do Mar para a realización das intervencións procedentes a fin de corrixir o deterioro dos bancos marisqueiros, o restablecemento do control da ría, así como a

Grupo Parlamentario

convocatoria dunha reunión para finais de febreiro de ese ano, a fin de dar conta da marcha dos asuntos tratados.

O día 25 de marzo de 2015, se remitía escrito por parte dos mesmos patróns/patroas á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza. Reclamando a citada reunión comprometida coa Consellería do Mar. A día de hoxe, seguen sen resposta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, para que a maior urxencia, a Conselleira do Mar se reúna cos/coas patróns/patroas maiores das confrarías da ría de Arousa, co fin de dar resposta as cuestións formuladas na reunión do 27 de outubro de 2014, seguindo a solicitude que os propios patróns/patroas maiores cursaron en marzo de 2015.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2017 13:38:01

María Dolores Toja Suárez na data 09/03/2017 13:40:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 13:58
Nº Rexistro: 6405
Data envío: 09/03/2017 13:58:06.454



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/03/2017 13:41:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia